

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 4 CINTA 2



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0002_004_en_0_27_26_id503_docx

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0002_004_en_0_27_26_id503.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o cuarto corte dos que se divide a segunda das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

A entrevista dá unha breve información sobre as primeiras bateas que se fixeron na ría de Vigo.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas que eleximos presentar na rede cortadas para optimizar o traballo de busca.

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 21 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia



NOTAS DA TRANSCRICIÓN

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos “...” no medio da conversas correspóndense con partes inintelixibles ou que aparecen cortadas no audio e polo tanto non se poden transcribir.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

Transcripción realizada por Xosé C. Villaverde Román e revisada por el mesmo no 2019.

PALABRAS CHAVE

pesca , traballos do mar , batea

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 4 DA CINTA 2

P: ¿E bateas había antes bateas? As bateas son de agora ¿non? As bateas para o mexilón e para iso ¿non?

R: ¿Sabes quen inventou a batea? ¿Quen foron os que inventaron a batea?

P: Os cataláns, ¿non? ¿Non foron os cataláns?

R: Non aquí.

P: ¿Aquí? ¿Os primeiros que fixeron para Moaña?

R: Aquí na ría mesmo.

P: Na ría.

R: Os conserveros. Os Molíns. Foron os que montaron as bateas.

P: ¿E donde empezaron a montalas?

R: En Vigo.

P: E despois truxéronse para...

R: Para a Ribeira de Vigo, estaba montada alí e foron os primeiros que foron á tacha, porque ese oficio da batea chega o momento que bueno, agora da unha peseta, pero de aquela non daba unha peseta, porque ó non ter os dueños a traballar, se compras unha batea e ti non eras o dueño para traballala e para disfrutala, ti podías tirar con ela directamente.

P: Claro non a cuidaba tanto e tiña máis gastos...

R: Home eles querían ter unha batea coma si fora un banco. Montan un banco, como ...